

O Concello de Nigrán convoca seis postos de voluntariado de patrimonio e medioambiente.

O novo goberno de Nigrán están previstas varias actuacións importantes tanto no medio ambiente como na recuperación patrimonial no concello. Unha delas xa está en marcha, como é a posta en valor do patrimonio natural, cultural e etnográfico de Chandebrito.

Un proxecto dirixido pola historiadora arqueóloga Rosa Villar Quinteiro.

A convocatoria está aberta a toda a xente que teña interese polo patrimonio cultural e medioambiental e teña interese en recibir formación ao respecto. (Restauración e conservación, o coidado da súa contorna).

A actividade inicial deste grupo de voluntariado será participar nas tarefas de recuperación integral do río Muiños, dende o seu nacemento en Chandebrito ata a súa desembocadura en Praia América.

O proxecto estará dirixido por varios arqueólogos e biólogos, permitindo aos voluntarios adentrarse no mundo da recuperación patrimonial e paisaxística para ampliar os seus coñecementos e gozar dos prezados tesouros da cultura e súa paisaxe.

Para máis información poden dirixirse ao teléfono 986.383081 e preguntar pola coordinadora Marga Elespp

ou ao enderezo de correo elespp@nigran.org